



**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: Sanxenxo. Parroquias: Santo Estevo de Noalla no seu maior parte e San Pedro de Vilalonga nunha esquina oriental. Extensión: 4,1km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Unidade con estreita franxa costeira, incluída dentro do ámbito do complexo intermareal Umia-O Grove, formada por unha chaira na que predomina a dinámica sedimentaria fluvio-mariña. En consecuencia acumúlanse depósitos areoso-lamacentos relacionados co rango mareal que permiten a formación de áreas de marisma e outras formacións vexetais hidromorfas na desembocadura do regato dos Mouros, principal arteria fluvial da unidade. Cara ao sur esténdese a chaira continental pola que discorre o río citado con anterioridade, sen chegar a formar unha conca visualmente ben definida debido á ausencia de relevos significativos que a enmarquen a excepción das aliñacións montañosas que a pechan polo seu extremo suroriental. Inclúe os EIX Istmo da Lanzada e Marismas da enseada do Bao e desembocadura do Umia.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Xunto aos depósitos marismais da franxa litoral desta unidade, cara ao interior desenvólvense outro tipo de materiais cuaternarios identificados como depósitos de terrazas pleistocenas. Ao sur da unidade aparecen os materiais máis antigos, encontrándose en primeiro lugar unha banda correspondente a Granodioritas Tardías Biotíticas-Anfibolíticas de gran groso, e máis ao sur, materiais sedimentarios do Complexo Cabo Home – A Lanzada, tamén do Precámbrico-Silúrico.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido: temperaturas medias anuais superiores a 15°C e precipitacións acumuladas de entre 1200mm e 1400mm ao longo do ano. A amplitude térmica media anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C.

#### OS SOLOS

A franxa costeira presenta chans propios das chairas intermareais e áreas de marisma, derivados dos procesos de sedimentación fluvio-mariña, fundamentalmente fluvisois arenicos, sálicos e tiónicos. O val do Rego dos Mouros está formado por cambisais eútricos que no seu cabeceira, Alto de Trincheira ao SE, adquiren pouco desenvolvemento e mesmo son substituídos por umbrisois dístricos, menos evolucionados e de pouco espesor.

#### AS AUGAS

Na praia de Ponche do Vao mantense a continuidade dunha costa baixa á que o regato dous Mouros, xunto con algúns tributarios menores, realizan os seus achegues fluviais e sedimentarios. Estas augas con escaso calado correspóndense coas Augas de Transición da Enseada do Vao.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Costa incluída no Iba Contorna mariña das Rías Baixas. Sector costeiro con marismas e áreas con maior hidromorfía dentro do LIC Complexo Ons-O Grove. Área de fondo de estuario na que dominan os hábitats do 1110 e 1140, bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais. Tamén hai extensións de marisma (grupo 13), ao redor de 6ha. A nivel continental a importancia ecolóxica céntrase nas marismas, áreas hidromorfas delceacuícolas e Rego dos Mouros. Nesta zona aparecen zonas de marisma, reservorio salobre costeiro asimilable a unha lagoa costeira (hábitat 1150), prados hidromorfos dos hábitats 6420, prados de herbas altas do Molinion-Holoschoenion e 6430, megaforbios eutrofos higrófilos, ademais de bosques de ribeira (91E0) de certa consideración (unhas 12ha) Estas masas alárganse en menor extensión río arriba, existindo tamén masas de recolonización parcialmente ripícolas nas áreas de cultivo desta suave depresión costeira.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Trátase dunha unidade na que predominan os usos agrícolas en minifundio asociados a unha gran masa de edificacións dispersas liñalmente ao longo das estradas. Entre esta masa de parcelas que alterna os cultivos tradicionais con vides e froiteiras, aparecen rodais de vexetación seminatural, como as formacións herbáceas e arbustivas costeiras do noroeste, asociadas aos bordos marismeiros e a terreos con niveis freáticos superficiais. Outros grupos de árbores clasificados como masas mixtas ou de ribeira, ocupan áreas puntuais noutras zonas do interior, mentres que o arboredo de repoboación faise significativo na parte oriental, coincidindo cos terreos máis elevados e despoboados da unidade.

#### MORFOLOXÍA

A unidade queda emprazada entre as marismas da Arnosa, ao norte, e a praia da Lanzada ao oeste, o que é determinante para a súa morfloxía. A maior densidade poboacional desprázase cara á liña de praia, ao oeste, aínda que maioritariamente fóra da unidade. Trátase sobre todo de edificacións modernas erixidas máis como vivendas de segunda residencia que como un crecemento natural dos núcleos rurais tradicionais, que quedaron reducidos a pequenos franxas próximas ás estradas no interior. Cara ao norte, a inestabilidade do terreo e a insalubridade vinculada ás áreas de marisma, impediu o desenvolvemento de núcleos de importancia, polo que resulta ser unha das zonas menos poboadas da unidade.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

As principais vías de comunicación son a vía rápida VRG-41, e dúas estradas da rede primaria: PO-308 e PO-550. A primeira cruza a unidade de sueste a noroeste, chegando á estrada PO-308 na Lanzada, a cal a pesar de situarse en parte fóra da área da unidade, soporta un gran tráfico e é fundamental para comunicar as poboacións afincadas na liña oeste da zona. A PO-550 é a outra vía pertencente á rede primaria, que polo norte, chega á anterior vía tamén nas inmediacións da mencionada praia. Estas estradas forman as principais liñas estruturantes do territorio, xa que na actualidade, as novas construcións crecen en torno a elas. As estradas provinciais en cambio, como a EP-9208 e a 9212, están máis relacionadas en cambio cos asentamentos tradicionais, e articulan as comunicacións interiores da unidade.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

De entre os elementos salientables do patrimonio etnográfico sobresaen o Pazo de Quintáns e o conxunto da casa da Porta do Conde, con hórreo e un muíño de auga. Aparecen presentes nesta unidade outras construcións similares como o muíño da Pasaxe, hórreos e cruceiros. A igrexa parroquial de San Estevo e o seu entorno son outro exemplo de arquitectura relixiosa e popular desta unidade.



#### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade identifícase como unha zona de paso entre as marismas da Arnosa e parte sur da praia da Lanzada. A súa situación, despois da primeira liña de costa e tralas edificacións da estrada paralela á praia, relega esta zona a un segundo plano dende o punto de vista do establecemento da poboación. Trátase por tanto dunha área de transición, cuxo chan foi pouco valorado se se compara co doutras unidades máis próximas ao mar. Así, os cultivos e o baldío, chegaron a ser as coberturas predominantes.

#### DINÁMICA DA PAISAXE

Os principais cambios acaecidos na paisaxe da unidade refírense ao crecemento urbano apoiado no desenvolvemento das novas vías de comunicación principais. Así, ao redor destas desenvóléronse continuos de vivendas e urbanizacións, que son aínda máis importantes canto máis preto da costa. Outra das variacións observadas é o aumento das terras de labor no centro da unidade, sobre un terreo que antes quedara improdutivo debido ás especiais condicións da marisma.


#### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### 3. AVALIACIÓN

#### VALORACIÓN DA PAISAXE

Trátase dunha área moi transformada antropicamente na que a calidade paisaxística que adoita asociarse aos medios costeiros e esteiros foi por iso, minguada. Con todo, a proximidade ás marismas do Vao e ás praias da Lanzada, de Lapa, de Areagorda e de Foxos, sitúa a zona nunha contorna paisaxisticamente moi valorada, reclamo de turismo estival. Ademais o vértice noroccidental da unidade aparece recollido por varias figuras de protección natural, o que é indicativo dos valores que reúne. Destacan a catalogación como humidal protexido polo convenio Ramsar, ao pertencer a unha zona ZEPA, ou ao formar parte un LIC-ZEPVN. Como puntos preferentes de observación establecéronse dous: un situado ao noroeste, nas Salinas, na área incluída dentro da zona marismeña e catalogada como a área de maior valor dentro da unidade. O outro localizouse no interior, entre o centro parroquial de Noalla e o lugar de interese arqueolóxico de Montefaro. Por situarse nun alto, dende este punto é posible a observación do conxunto do territorio.





## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS






















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29





